



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O PARLAMENTO DE GALICIA E A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL PARA A PARTICIPACIÓN DO EQUIPO GANADOR DO PROGRAMA PARLAMENTO XOVE 2018, CATEGORÍA DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA, NA FASE NACIONAL DO CONCURSO DE DEBATE ESCOLAR NAS CORTES XERAIS ORGANIZADO POLA CONFERENCIA DE PRESIDENTES E PRESIDENTAS DE PARLAMENTOS AUTONÓMICOS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Cecilia Vázquez Suárez, directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social

DECLARA

Que esta Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado ten previsto formalizar co Parlamento de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 25 de xuño de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer a forma e condicións de colaboración entre o o Parlamento de Galicia e a Consellería de Política Social aos efectos de coordinar a participación do equipo que representara á primeira institución da Comunidade Autónoma en colaboración co executivo de Galicia, na fase nacional do Concurso de Debate Escolar organizado pola Conferencia de Presidentes e Presidentas de Parlamentos Autonómicos. Formarán este equipo os participantes do equipo gañador do programa Parlamento Xove 2018 na categoría de 3º e 4º curso da ESO, coas adaptacións que sexan necesarias para o cumprimento do regulamento propio da fase nacional.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Consellería de Política Social e o Parlamento de Galicia consideran axeitado seguir traballando conxuntamente para ofrecer á xuventude ferramentas para o desenvolvemento das súas capacidades e ampliación das súas oportunidades e para que a mocidade siga a ser un referente na construción democrática do noso país. Neste eido, consideran un elemento positivo na traxectoria persoal e formativa dos mozos e mozas, a participación do alumnado do equipo gañador do programa Parlamento Xove 2018, na categoría de Educación Secundaria Obrigatoria, no certame coordinado pola Conferencia de Presidentes y Presidentas de Parlamentos Autonómicos por ser unha experiencia positiva que propicia o enriquecemento persoal dos participantes, sen esquecer os





beneficios da interacción e a convivencia con mozos doutras comunidades autónomas compartindo experiencias e dándolles a oportunidade de vivir en primeira persoa a pluralidade de España como un valor que fortalece a todos os cidadáns.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 3 de maio de 2018.

